

PROGRAMA 8M

Lectura do manifesto institucional do Día Internacional da Muller a cargo de **Marina Pérez González**, directora deportiva e secretaria do Traviesas Hockey club

Actuación musical do grupo do Conservatorio Superior de Música de Vigo:

- María Fernández, clarinete
- Lucía Lugrís, frauta
- Magdalena Argibay, piano

Interpretan:

- *Tres romanzas, Op. 22* de Clara Schumann para clarinete e piano (10')
- *Zeeland* de María Mendoza para frauta e piano (6')

Intervención do presidente da Deputación de Pontevedra, **Luis López Diéguez**

Presentación do vídeo da campaña "A nosa meta: a igualdade"

Entrega do material da campaña de sensibilización



8M | DÍA INTERNACIONAL
2026 | DAS MULLERES

 **Deputación
Pontevedra**

MANIFESTO 8M

Bo día. O meu nome é Marina e hoxe asumo a responsabilidade de ler o manifesto do 8 de marzo. Traballo no ámbito deportivo e, a día de hoxe, son a única muller que adestra un equipo masculino en categoría nacional dentro do hóckey sobre patíns.

Hoxe é o Día Internacional da Muller e debemos celebrar os avances que conseguimos, que foron moitos; pero tamén é certo que, desde hai algún tempo, estamos a transitar un momento especialmente complexo.

Vivimos nunha época na que as redes sociais non só entreteñen: educan. Moldean referentes, constrúen aspiracións e definen que é éxito e que é desexable. Nesa contorna están a gañar espazo discursos que evocan un pasado ao que non queremos volver e presentan como ideal mulleres que non incomodan, que non cuestionan e que reducen o seu proxecto vital para encaixar en expectativas alleas. Non só intentan definir como debe ser unha muller, senón que presentan a igualdade como unha ameaza.

Instálase así unha idea profundamente limitante: que para que uns se sintan seguros, outras deban facerse máis pequenas.

Na adolescencia, cando a identidade se está formando e a necesidade de pertencer é enorme, aquilo que se converte en tendencia non só inflúe, tamén condiciona a forma na que a mocidade se mira a si mesma e ao resto. E, case sen

darnos conta, mentres deslizan o dedo por unha pantalla, as e os nosos adolescentes van construíndo a súa identidade desde o medo e a confrontación, en lugar de facelo desde o respecto e a convivencia.

Estas mensaxes non só lles afectan ás nenas, tamén lles transmiten aos nenos unha idea rixida de masculinidade. Non constrúen referentes saudables, constrúen identidades marcadas polo medo, a inseguridade e a dificultade para convivir coa igualdade sen percibila como unha ameaza.

E de nada vale derrubar muros se outros veñen detrás e os volven levantar por non se sentir parte do proceso. Non basta con combater. Tamén hai que convencer.

Todo isto non queda no ámbito dixital. Xa o estamos vendo no día a día. Vémolo no deporte, en actitudes que cuestionan a capacidade das nenas e en dinámicas que minimizan os seus logros. Sempre crín que as que viñan detrás o terían máis sinxelo. Hoxe xa non estou tan segura.

E é aí onde a reflexión deixa de ser teórica e se volve persoal.

Penso na Marina de 16 anos que quixo ser adestradora e ocupar un espazo que non parecía pensado para ela.

Se crecese nesta contorna, daría ese paso? Sentiría a confianza suficiente para intentalo? Non o sei.

Esa dúbida é a que máis me preocupa. Porque se a resposta fose que non, aquela adolescente non se convertería na muller que son hoxe nin estaría aquí, diante de todas e todos vostedes.

E isto significa algo aínda máis preocupante: que quizá xa estamos a perder a moitas nenas e adolescentes que están a construír a súa identidade nunha contorna que lles fai crer que, para gustar, non deben destacar.

Por iso é imprescindible que asumamos, como sociedade, a responsabilidade que nos corresponde. Porque o que fagamos —ou deixemos de facer— hoxe terá consecuencias reais mañá.

Este 8M vai por elas.

Por todas as nenas e adolescentes que hoxe están crescendo e construíndo quen queren ser.

Polas mulleres que seguen marcando o camiño.

Vai por todas as que non estamos dispostas a dar pasos atrás, pero que tampouco queremos ter que avanzar soas.

Porque avanzar non debería ser unha batalla individual. Debería ser un compromiso compartido.

Moitas grazas.

PROGRAMACIÓN
ACTOS 8M

